



APRENDER A TRAVÉS DE SITUACIÓN COTIÁS

Os nenos e nenas de 3 a 7 anos poden enriquecer o seu desenvolvemento participando nas actividades que se desenvolven no fogar, algunhas delas tamén traballadas dende a escola. Situacións como nas que nos atopamos axudan ademais a mantelos entretidos nalgúns dos momentos do día a día.

Para comezar a realizar ditas tarefas cos nenos e nenas é preciso que teñamos en conta o tempo que empregaremos, xa que posiblemente sexa maior, polo que a paciencia tamén será de gran importancia. Para algúns nenos e nenas as actividades que imos realizar serán novas, así que haberá que respectar o seu ritmo e non exercer presión sobre eles.

Á hora de explicarlle as tarefas o faremos dirixíndonos a eles e/ou elas cun ton de voz suave, dando ordes sinxelas e breves pouco a pouco. Se é preciso podemos empregar apoio visual, amosar os recursos, sinalar ou marcar nun papel ou taboleiro con numeración os pasos a seguir...Hai que lembrarles que se teñen dúbidas poden preguntar, e no caso de que non o fagan pero o precisen podemos ofrecerlle dita axuda.

Eles e elas son capaces de colaborar nas tarefas do fogar sempre e cando teñamos en conta as pautas citadas e os acompañemos no proceso. Isto incrementará a súa autonomía e tamén a responsabilidade, sentíndose ben consigo mesmos. Como adultos e adultas somos os referentes principais para os nosos pequenos, polo que o que nos fagamos servirá de pauta.

Entre as actividades que poden desenvolver na casa dáse a opción de que os nenos e nenas coman sos, xa que contamos con máis tempo traballar a autonomía na alimentación é de gran importancia xa que a acción de alimentarse non só a desenvolven na casa e en compañía dos adultos directos. Ademais dos aspectos citados tamén axudaremos a que desenvolvan outros

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL	Departamento de Orientación
	C.E.I.P. Plurilingüe Víctor López Seoane Vía Ártabra, s/n (Monte Alto) Telf.: 881 960 653 e-mail: ceip.victor.seoane@edu.xunta.gal

como a psicomotricidade fina, presión, coordinación óculo-manual, o equilibrio, coller e deixar recursos.

Comezaremos polas actividades do fogar cotiás, é dicir, que normalmente se produzan tódolos días e a medida que as vaian acadando poderemos ampliar con outras non tan comúns pero que poden ser do interese.

ACTIVIDADES A DESENVOLVER NA COCIÑA

A cociña é un lugar ao que recorreremos en varias ocasións ao longo do día, polo que se trata dun bo escenario para o desenvolvemento dos nenos e nenas. Actividades que podemos realizar en conxunto serían entre outras: a preparación das comidas participando así na organización e recollida de alimentos e/ou recursos para cada unha delas, lavado de alimentos; emprego da lavadora no que introducir e/ou seleccionar a roupa que imos lavar e pulsar o botón de inicio; colocar os pratos, vasos, cubertos no lavavaixelas e pulsar o botón de inicio; nestas actividades favorecemos a psicomotricidade fina, a organización e planificación, clasificación, coordinación óculo-manual, atención, memoria, entre outras.

Como comentamos anteriormente, na elaboración de receitas favoreceremos os aspectos citados e empregaremos tamén actividades e elementos empregados no día a día na escola: numeración, conteo, transformacións físicas e químicas dos alimentos, vocabulario novo, recursos.

ACTIVIDADES A DESENVOLVER NA MESA

Continuando na mesma liña pasaríamos ao momento de poñer á mesa, con esta actividade desenvolverase a coordinación motriz, o movemento de suxeitar e deixar obxectos, o conteo e numeración en relación aos comensais: número de pratos, vasos, cubertos). Tamén noutras accións como por exemplo botar auga nun vaso trabállase o control da forza e a noción de permanencia de obxecto a pesar das transformacións.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL	Departamento de Orientación
	C.E.I.P. Plurilingüe Víctor López Seoane Vía Ártabra, s/n (Monte Alto) Telf.: 881 960 653 e-mail: ceip.victor.seoane@edu.xunta.gal

Podemos comezar facendo preguntas en relación ao que precisamos para comer: prato, cubertos, vaso...facerlle preguntas sobre os obxectos a colocar, darlle pistas, dicir o que imos comer para que pensen se é necesaria unha culler ou un coitelo. Darlle os obxectos se non ten acceso directo a eles porque estean moi altos, levar nos algúns porque poidan ser perigosos polo peso, a temperatura...Facer un repaso con eles e elas do que temos posto. Ter en conta os mesmo criterios á hora de recoller a mesa en canto á perigosidade.

ACTIVIDADES A DESENVOLVER COA ROUPA

En relación á roupa hai distintas actividades nas que debemos implicar aos nenos e nenas. Comezamos polo momento de vestirse, deixar que estes tenten poñer as prendas a si mesmos sen axuda, dando algunha pauta se é preciso. O mesmo no momento de espirse dar autonomía para a súa realización (abotoar, desabotoar, empregar cremalleira, velcros). Por outra banda, unha vez espida a roupa levala ao espazo considerado para deixar a roupa sucia (cesto, lavadora) de xeito autónomo.

Participar na recollida da roupa da lavadora e tendela, dar pinzas, poñer pinzas sempre e cando o acceso sexa o axeitado (altura, fiestra) e o mesmo á hora de recollela. No momento de recoller a roupa ou ben dobrala participar na clasificación desta, por prenda, cores ou persoa a quen pertence. Axudar no gardado da roupa no armario ou caixóns. Este tipo de tarefas favorecen, ademais da autonomía e a responsabilidade, a organización, clasificación, selección, motricidade fina, presenza da xeometría no dobrado.

ACTIVIDADES NAS QUE POR ORDEN

Este tipo de actividades poden desenvolverse en relación ás anteriores ou outras como por exemplo no xogo. É de gran importancia que recollan aqueles recursos ou obxectos que empreguen e que o fagan antes de comezar outra tarefa. Tamén se pode traballar a clasificación cando por exemplo tiran o

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL	Departamento de Orientación
	C.E.I.P. Plurilingüe Víctor López Seoane Vía Ártabra, s/n (Monte Alto) Telf.: 881 960 653 e-mail: ceip.victor.seoane@edu.xunta.gal

lixo, algo que tamén se fai no cole ao igual que recoller os recursos empregados antes de coller outros.

ACTIVIDADES RELACIONADAS COA HIXIENE E O MOVEMENTO

É de gran importancia lembrar aos nenos e nenas os momentos de hixiene, sobre todo na situación actual, á hora de lavar as mans, os dentes... Son actividades que podemos facer en conxunto sendo así un modelo a imitar e tamén supervisar estes momentos para que adquiran a rutina de axeitadamente.

A hixiene tamén a podemos trasladar ao fogar en relación á limpeza, na que os nenos e nenas tamén poden participar (empregar a escoba, un trapo para a mesa, facer a cama e cambiar as sabanas).

O COIDADO DOUTROS SERES VIVOS

É de gran importancia que nenos e nenas adquiran un hábito de coidar aos demais e axudar nesta acción, tendo en conta outros seres vivos presentes na casa (animais, plantas). Desenvolven aspectos relacionados co coidado e a responsabilidade, xunto coa motricidade fina, a coordinación...

Poden así realizar tarefas no fogar en colaboración ou de xeito autónomo enriquecendo o seu desenvolvemento integral.